MARÍA JOSÉ VÁZQUEZ BERMÚDEZ, Animadora Cultural do Departamento de Cultura, a petición da Mesa de contratación, para a tramitación da adxudicación por procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa do Servicio de Escolas Culturais do Concello de Ames, emite o seguinte,

INFORME

1.-CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Para a valoración das propostas técnicas formuladas polas distintas empresas licitadoras, tívose en conta, tal e como se recolle no PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLAS CULTURAIS DO CONCELLO DE AMES, criterios non avaliables de forma automática, referencias técnicas. Estas escolas impartiranse por lotes de forma independente, polo que a valoración será específica por cada lote.

20.5.-Criterios de valoración

a)criterios Subxectivos

Criterios non avaliables de forma automática. Referencias, máximo 50 puntos.

Neste apartado valoraranse os seguintes aspectos:

1.-Plan de traballo e metodoloxía a seguir dentro das diferentes actividades propostas. Ata un máximo de 15 puntos.

2.-Preparación técnica e experiencia profesional do persoal que se vai adscribir ao servizo ata un máximo de 20 puntos.

3.-Medios materiais e técnicos para a prestación do servizo ata un máximo de 5 puntos.

4.-Como incremento da actividade innovadora sen custo adicional para o concello, proposta pola empresa adxudicataria, destinada ao mesmo tipo de poboación. Ata un máximo de 5 puntos

5.-Por organización e celebración dalgún tipo de evento de carácter extraordinario relacionado coas escolas culturais municipais sen custo adicional para o concello, ata un máximo de 5 puntos.

2.-VALORACIÓN DE CADA PROPOSTA

LOTE 1: ESCOLA DE ARTES PLÁSTICAS

- ESPROADE SL

A proposta desta empresa adaptase na súa totalidade aos criterios avaliables, tanto para a actividade de arte miúda coma para a de manualidades. A memoria que presenta contempla o plan de traballo e a metodoloxía a seguir de forma moi xeneralizada e non fai practicamente diferencia entre a actividade de manualidades dirixida a maiores de 16 anos e arte miúda dirixida a participantes de entre 3-6 anos. Parte dunha metodoloxía, activa, participativa, lúdica, divertida, grupal, integradora, flexible, comunicativa, educativa, socializadora, baseada na motivación e no respecto, a formación e sempre adaptada ás particularidades de cada grupo pero mantendo a liña común de acción das persoas monitoras, combinando o traballo individual e persoal con tarefas en pequenos grupos, intercambio de experiencias, etc. Presenta un esbozo do plan de actividades a desenvolver, tendo en conta a realidade particular de cada grupo de persoas, a experiencia que teñan de cursos anteriores, o grao de madurez, a homoxeneidade do grupo, etc. Quedan sen especificar os contidos e actividades a desenvolver nas diferentes sesións e os materiais que deberán aportar os participantes.
En canto a preparación técnica e experiencia profesional do persoal que se vai adscribir ao servizo, presenta dous perfís profesionais axeitados para a execución das actividades, no seu currículum figura formación e experiencia laboral para o desenvolvemento das actividades da Escola de Artes Plásticas. En canto aos medios materiais e técnicos a empresa expresa de forma xeral que todos os medios técnicos e materiais á disposición do programa. Para a elaboración de informes, memorias ou traballos en xeral que necesiten soporte informático, a empresa conta cunha oficina técnica equipada correctamente para o persoal de Esproade S.L. Para as actividades ou reunións con usuarios/as e outras necesidades semellantes, o persoal utilizará aquelas dependencias do Concello designadas a tales efectos pola Dirección Técnica Municipal. Porá a disposición do servizo, materiais para a montaxe da exposición, taboleiros de porexpán, telas de sobre-mesa e foco de iluminación. En canto ao persoal ademais dos monitores de cada actividade conta cun O/a Coordinador/a Técnico que será a persoa de contacto entre a empresa, a Dirección Técnica Municipal e o persoal que imparte as actividades. Especifícase tamén na memoria as funcións e responsabilidades do persoal. Non menciona ningunha actividade innovadora sen custo adicional para o concello. Propón como actividade de fin de curso, formúlase un acto que recolla o traballo realizado durante todo o curso nas diferentes actividades da Escola de Artes Plásticas, montaxe dunha exposición e unha mostra audiovisual de todo o curso.

CRITERIO 1 10 PUNTOS	CRITERIO 2 18 PUNTOS	CRITERIO 3 5 PUNTOS	CRITERIO 4 0 PUNTOS	CRITERIO 5 2 PUNTOS
TOTAL 35				

- SERVIPLUSTOTAL SL

Na memoria descritiva que presenta esta empresa fai referencia a todos e cada un dos criterios avaliables sinalados no Prego de Prescricións técnicas. En canto ao plan de traballo a seguir dentro da Escola de Artes Plásticas Artes Plásticas as persoas participantes perfeccionarán e aprenderán distintas técnicas de artes plásticas, pintura, modelado, traballo con madeira, teas, papel, adaptándose ás idades, destrezas e coñecementos das persoas participantes. Aínda que o programa pormenorizado o porá a disposición do concello con anterioridade ao inicio da actividade, xa menciona algúns dos contidos e fai diferencia entre os dous obradoiros. Describe un modelo organizativo e de funcionamento do servizo interesante, baseado nunha planificación axeitada a cada unha das fases previstas na execución do servizo, accións preparatorias, previas á execución do servizo, que atinxe a instalacións, persoal, programacións, etc, a fase de execución que se caracteriza pola necesidade de flexibilidade e capacidade de re-adaptación aos cambios imprevistos que se vaian dando. Logo na fase de seguimento a empresa recollerá información de maneira continua ao longo da intervención, coa finalidade de ir adaptando a mesma ás necesidades do servizo e das persoas destinatarias. E por último a avaliación que lle permitirá, entre outros aspectos, mellorar as actividades. Parte dunha metodoloxía activa e participativa na cal a persoa participante é, en todo momento, a auténtica protagonista sendo a principal creadora da actividade. As actividades serán específicas e sempre dirixidas ás necesidades e características e coñecementos, así como á idade dos/as participantes, (nenos/as, mozos/as e persoas adultas) atendendo de maneira específica ás individualidades dentro do grupo.

En canto a preparación técnica e experiencia profesional do persoal que se vai a adscribir ao servizo, a empresa describe un organigrama do equipo profesional para garantir o axeitado desenvolvemento do servizo, así como as funcións, e o currículum da persoa que desenvolverá a Escola de Artes Plásticas, no que figura formación en comunicación audiovisual e ilustración basicamente, e non consta que teña experiencia laboral en impartir obradoiros de artes plásticas.

Para a realización das actividades, a empresa dotará ao servizo do material necesario para garantir o bo funcionamento das mesmas. A empresa conta cos medios técnicos informáticos necesarios para realizar as labores propias do contrato, ordenadores, Programas Informáticos, Impresoras, Acceso a internet. Así mesmo, contan no equipo humano cun Técnico Informático para garantir o bo funcionamento e a actualización constante ás ferramentas innovadoras. Non menciona ningunha actividade innovadora sen custo adicional para o concello. Como evento de carácter extraordinario, a empresa comprométese a organizar a clausura das Escolas Culturais, con entrega de agasallos, diplomas de participación e festa de final de curso para todos os participantes. Así mesmo, no marco da festa de clausura, organizará unha exposición dos traballos elaborados nos obradoiros .

CRITERIO 1 13 PUNTOS	CRITERIO 2 15 PUNTOS	CRITERIO 3 5 PUNTOS	CRITERIO 4 0 PUNTOS	CRITERIO 5 3 PUNTOS
TOTAL 36 PUNTOS				

- AXOUXERE DEPORTE E ANIMACIÓN

Esta empresa presenta unha memoria descritiva na que se contemplan todos e cada un dos criterios avaliables sinalados no Prego de Prescricións técnicas. A proposta de actividades, e a metodoloxía de traballo baséana na aprendizaxe por descubrimento e significativa, axustándose ao perfil dos participantes en cada grupo, en función da idade (Infantil ou maiores de 16 anos) e das características individuais de cada un, tendo en conta aos participantes con dificultades significativas de aprendizaxe. Presentan unha planificación flexible e dinámica de actividades con diversos materiais e técnicas que coordinan conxuntamente propostas de pintura; traballando sobre soporte plano en diferentes superficies, que poden ir dende soportes de papel, tela ou madeira, a escultura e modelado, fomentando a expresión artística tridimensional/espacial, pasando incluso pola encadernación (xaponesa, india), o gravado (linóleo, punta seca, xilografía…), ou introdución á Restauración de Obras de arte ca aprendizaxe incluso do dourado e do prateado. A diferencia das anteriores empresas estrutura os contidos de cada obradoiros por bloques, especificando e explicando as características e técnicas de cada bloque graficamente e con ilustracións. Isto é moi interesante para coñecer mellor os distintos traballos que se van realizar ao longo do curso e poder informar as persoas que estean interesadas. Contempla tamén esta memoria a introdución de temas transversais nas actividades, a reflexión sobre principios, comportamentos, feitos e actitudes que deben formar parte da educación integral do individuo. En canto á preparación técnica e experiencia profesional do persoal que se vai a adscribir ao servizo, a empresa presenta o currículum da persoa que desenvolverá a Escola de Artes Plásticas no que figura formación relacionada coas artes plásticas e experiencia neste tipo de actividades. Tamén declara que no caso de non disposición da traballadora proposta na data de realización do servizo substituirase por outra con titulacións e formación necesaria para levalo a cabo. A empresa proporcionará unha serie de materiais, tanto funxibles, de refugallo, audiovisuais e informáticos para o desenvolvemento da Escola. Incremento de actividade innovadora sen custo adicional para o concello, propón facer unha reunión informativa coas familias, seguimento das actividades nas redes sociais, BLOG das actividades de artes plásticas, e-mail de suxestións e un Diaporama o Slideshow, montaxe de fotos con música que irán elaborando ao longo do curso. Destaca esta oferta, con respecto as dúas anteriores na organización e celebración dalgún evento de carácter extraordinario relacionado coas Escolas Culturais Municipais sen custo adicional para o concello, pois a parte da cerimonia de clausura, entrega de diplomas e exposición propoñen dúas actividades interesantes, visita dun contacontos con unha actividade especial que falara sobre a arte no mundo dos cadros. Esta actividade irá dirixida ós nenos/as de 3 a 6 anos e será unha sesión en Bertamiráns e outra en O Milladoiro. E outra actividade co grupo de maiores de 16 anos a arte do Graffite, traballar e cubrir unha superficie determinada suxerida polos técnicos municipais.

CRITERIO 1 15 PUNTOS	CRITERIO 2 18 PUNTOS	CRITERIO 3 5 PUNTOS	CRITERIO 4 2 PUNTOS	CRITERIO 5 5 PUNTOS
TOTAL 45 PUNTOS				

LOTE 2: ESCOLA DE BAILE

- ESPROADE

Esta empresa presenta unha memoria descritiva da escola de Baile, cuns obxectivos e metodoloxía que se adaptan totalmente aos reflectidos no prego de prescricións técnicas. Baséanse sobre todo para desenvolver os contidos nunha metodoloxía global, intentando, de tódolos xeitos, que sexa o alumno o propio protagonista da súa aprendizaxe, evitando que se sinta como un mero repetidor de estruturas rítmicas máis ou menos definidas. Empregarán danzas colectivas e as formas xogadas como recurso para a ensinanza dos bailes de salón. Independentemente dos contidos a desenvolver cada sesións estará organizada por secuencias. Terán sempre en conta a experiencia anterior destas persoas, o número de persoas por grupo e a súa homoxeneidade, o grado de madurez, desenvolvemento e capacidade de progresión de cada unha destas persoas e do grupo no que se enmarca. Presenta unha serie de perfís profesionais axeitados para a execución das actividades, e declara que o persoal proposto ten acreditada a súa solvencia profesional teórico - práctica no campo de traballo no que se encadra o servizo. O currículum e axeitado para o desenvolvemento da escola. Ademais do monitor de baile tamén contan con persoal de coordinación e na memoria especificase as tarefas e funcións e responsabilidades de cada un deles. En canto aos medios materiais Esproade S.L. porá a disposición do servizo, equipo de amplificación de son e equipo de micrófono inalámbrico, a parte de procurar tamén soporte e material informático. Como melloras sen coste adicional propoñen unha Master Class de Baile Deportivo a cargo dun profesional especializado que consistirá nunha clase técnica de dúas modalidades de baile de salón, especializada e dirixida a complementar a formación do alumnado da Escola . Como organización e celebración dalgún tipo de evento extraordinario relacionado coa escola propoñen como actividade de fin de curso, un acto que recolla o traballo realizado durante todo o curso nas diferentes actividades da Escola Baile e unha exhibición con coreografías dos diferentes bailes.

CRITERIO 1 15 PUNTOS	CRITERIO 2 20 PUNTOS	CRITERIO 3 5 PUNTOS	CRITERIO 4 5 PUNTOS	CRITERIO 5 5 PUNTOS
TOTAL 50 PUNTOS				

- SERVIPLUSTOTAL SL

A memoria que presenta esta empresa fai referencia, a todos e cada un dos puntos sinalados no Prego de Prescricións Administrativas do servizo. Presenta un plan de traballo xeral, que contén uns obxectivos, uns contidos estruturados en varios elementos como serán o ritmo, tempo, pasos básicos, coreografías e un modelos organizativo e de funcionamento baseado nunha planificación axeitada antes, durante e ao finalizar o servizo. A metodoloxía activa e participativa na cal a persoa participante é, en todo momento, a auténtica protagonista sendo a principal creadora da actividade. As actividades están adaptadas ás idades e coñecementos das persoas participantes.
A empresa conta cun equipo de profesionais para o correcto desenvolvemento do servizo, e aporta o currúculum do profesional que vai levar a cabo a actividade, que conten formación e experiencia laboral axeitada. A empresa garante a existencia dos medios materiais e técnicos necesarios para a execución do servizo, aínda que so especifica medios técnicos informáticos. A empresa non aporta ningunha actividade innovadora sen custo adicional para o concello. No referente a organización de eventos de carácter extraordinario, a empresa comprométese a organizar os eventos de clausura, con entrega de agasallos, diplomas de participación e festa de final de curso para todos os participantes. Así mesmo, no marco desta festa de clausura, organizará unha exhibición de baile.

CRITERIO 1 10 PUNTOS	CRITERIO 2 20 PUNTOS	CRITERIO 3 2 PUNTOS	CRITERIO 4 0 PUNTOS	CRITERIO 5 3 PUNTOS
TOTAL 35 PUNTOS				

LOTE 3 : ESCOLA DE TEATRO

- SERVIPLUSTOTAL SL

Partindo das liñas de actuación sinaladas no Prego de Prescricións Administrativas, esta empresa propón un plan de traballo para cada grupo de idade, cuns obxectivos, contidos e metodoloxía diferenciados só nalgúns aspectos. Os contidos aínda que serán comúns tanto para o grupo de 3-6 anos como para o grupo de 7-11 anos, adaptaranse ao nivel de desenvolvemento e necesidades diferenciadas de cada un deles. Estrutura as sesións dos obradoiros de teatro infantil e xogo dramático e o de Expresión dramática en varias secuencias. Tamén propón de forma xeneralizada unha planificación do servizo antes, durante e ao finalizar o mesmo. En canto ao Grupo Municipal, especifica que o resultado final será a montaxe e representación dunha obra teatral, e establecen un cronograma de traballo ao longo do curso.
A empresa conta cun equipo de profesionais para o correcto desenvolvemento do servizo a nivel administrativo, e aporta o currúculum dunha soa persoa que vai levar a cabo a actividade, que conten formación e experiencia laboral axeitada.

A empresa garante a existencia dos medios materiais e técnicos necesarios para a execución do servizo, aínda que so especifica medios técnicos informáticos. A empresa non aporta ningunha actividade innovadora sen custo adicional para o concello. No referente a organización de eventos de carácter extraordinario, a empresa comprométese a organizar os eventos de clausura, con entrega de agasallos, diplomas de participación e festa de final de curso para todos os participantes.

CRITERIO 1 10 PUNTOS	CRITERIO 2 18 PUNTOS	CRITERIO 3 0 PUNTOS	CRITERIO 4 0 PUNTOS	CRITERIO 5 0 PUNTOS
TOTAL 28 PUNTOS				

- PRODUCCIÓNS TEATRAIS TALÍA SL

Esta empresa presenta unha memoria descritiva na que se contemplan todos e cada un dos criterios avaliables sinalados no Prego de Prescricións técnica, pero ademais describen os antecedentes da empresa onde se pode constatar a súa traxectoria no ámbito específico do teatro. Como produtora, abordando proxectos que van más alá do puro entretemento, textos sólidos que falan da condición humana e que queren provocar a reflexión ao redor de diferentes temáticas, e a través da formación teatral desenvolvendo obradoiros formativos enfocados á difusión de ferramentas teatrais, desenvolvendo técnicas que contribúan á promoción do teatro, ao mesmo tempo que se utiliza como un instrumento no campo educativo e social.

A empresa propón un plan de traballo e metodoloxía ben diferenciado para cada grupo proposto no Prego de Prescricións técnicas. A hora de desenvolver unha clase basicamente todas seguen o mesmo patrón, pero as actividades propostas adaptaranse as diferentes idades. Estrutura o curso en diferentes fases. No caso de teatro infantil e xogo dramático e expresión dramática, nunha primeira fase farán un traballo de desinhibición e dotación de ferramentas de comunicación para conseguir que as rapazas e os rapaces sexan capaces de desenvolver todo o seu potencial. Nunha segunda fase centraranse na creación de personaxes e improvisación, e a terceira fase estará orientada a creación de historias. No caso do Grupo Municipal realizaran, traballos de concentración, expresión corporal e traballo de improvisación, traballos de técnica vocal e trabalo de texto teatral. Un dos moitos puntos fortes que a empresa describe na memoria é o equipo de profesionais cos que conta, cunha formación especificamente no campo teatral, tanto a nivel actoral, como de dirección, de xestión de espazos escénicos, e unha gran experiencia na escena teatral e na imparticición de obradoiros de teatro. A empresa conta cunha ampla relación de materiais e recursos (iluminación, son, escenografía, vestiario e atrezzo) que pon ao servizo da escola de teatro municipal para á

actividade regular das escolas de teatro e ás estreas dos distintos grupos. Así mesmo conta con unha furgoneta FORD TRANSIT CARROZADA coa que realizar traslados de escenografías.

A empresa propón unha serie de melloras , nas que inclúen actividades innovadoras e a celebración de eventos extraordinarios tal como se describen a continuación:

-Asesoría técnica para os espazos escénicos municipais.

- Asesoría artística para as programacións teatrais do concello.

- Asesoramento técnico e artístico na produción Mostra de teatro afeccionado e outros eventos culturais do Concello de Ames.

- Cesión de materiais e recursos (iluminación, son, escenografía, vestiario, atrezzo,...) que pon ao servizo da escola de cara ás estreas dos distintos grupos das escolas municipais.

- Promover a realización de actividades metateatrais por parte dos participantes nas escolas de teatro, realizando a coordinación das accións e promovendo a participación na vida cultural do concello. Por exemplo, no Nadal (O Apalpador,...), no Antroido, nos maios, ...

- Realización de 2 funcións do repertorio da compañía (previamente contratado polo concello) dirixidas a público escolar, a acordar entre as persoas responsables da programación e a compañía, seguidas dun coloquio cos espectadores.

- Accións teatrais e informativas de promoción das actividades teatrais nos centros de ensino secundaria.

CRITERIO 1 15 PUNTOS	CRITERIO 2 20 PUNTOS	CRITERIO 3 5 PUNTOS	CRITERIO 4 5 PUNTOS	CRITERIO 5 5 PUNTOS
TOTAL 50 PUNTOS				

3.-RESULTADO DA VALORACIÓN

EMPRESA	PUNTUACIÓN LOTE 1	PUNTUACIÓN LOTE 2	PUNTUACIÓN LOTE 3
AXOUXERE DEPORTE E ANIMACIÓN SL	45		
ESPROADE SL	35	50	
PRODUCIÓNS TEATRAIS TALÍA SL			50
SERVIPLUSTOTAL SL	36	35	28

Ames a 07 de setembro de 2017

Asdo: María José Vázquez Bermúdez

Firmado por VAZQUEZ BERMUDEZ MARIA JOSE - 78782702C el día 12/09/2017 con un certificado emitido por AC FNMT Usuarios